

galicia

Xacobeo 2021

Os interesados deberán inscribirse e facer a solicitude a través da páxina web da Consellería do Medio Rural:  
[http://mediorural.xunta.gal/areas/investigacion\\_e\\_formacion/transferecia\\_tecnoloxica/plan\\_e\\_actividades/](http://mediorural.xunta.gal/areas/investigacion_e_formacion/transferecia_tecnoloxica/plan_e_actividades/)

Os interesados tamén poderán obter a solicitude a través da páxina web da  
Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia



<https://evega.xunta.gal/>



As solicitudes deberán remitirse perfectamente cubertas á EVEGA por:  
Fax: 988 788 099 | e-mail: [evega.medio-rural@xunta.es](mailto:evega.medio-rural@xunta.es)  
Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración  
e de información ao agro galego 2019

ORGANIZA

**AGACAL**  
AXENCIA GALEGA  
DA CALIDADE ALIMENTARIA

**evega**  
Estación de Viticultura  
e Enoloxía de Galicia

COLABORAN



 **Fundación  
Juana de Vega**



Fondo Europeo  
Agrícola de  
Desenvolvemento  
Rural:  
Europa inviste no rural



GOBIERNO  
DE ESPAÑA  
MINISTERIO  
DE AGRICULTURA, PESCA  
Y ALIMENTACIÓN



**XUNTA  
DE GALICIA**



## XORNADA TÉCNICA

RETOS E INNOVACIÓNS NO MERCADO:  
OS VIÑOS ROSADOS EN GALICIA

9 de abril de 2019

Centro Sociocultural de Sober  
(Sober - Lugo)

XUNTA DE GALICIA

## PROGRAMA

- 9:00-9:30 Recepción de asistentes. Entrega de documentación.
- 9:30-10:00 **Os viños rosados na DOP Ribeira Sacra. Marco xeral.**  
Beatriz Soto González | Directora técnica da DOP Ribeira Sacra
- 10:00-10:45 **Os viños rosados na DO Navarra.**  
Gonzalo Celayeta Escudero | Director técnico da Adega San Martín  
Enólogo da Adega Gonzalo Celayeta Wine
- 10:45-11:15 **Caracterización das variedades tintas galegas para a elaboración de viños rosados. Unha experiencia na EVEGA.**  
Juan Carlos Vázquez Abal | Técnico da Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía (EEVE)  
María Graña Caneiro | Tecnóloga da Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía (EEVE)
- 11:15-11:45 Pausa – café
- 11:45-12:45 **Experiencias de adegas galegas na elaboración de viños rosados.**  
Antonio Méndez Rodríguez | Presidente do Grupo Señorío de Rubiós.  
Luis Buitrón Barrios | Enólogo da Adega Malcavada  
Ignacio Álvarez Losada | Enólogo da Adega Abadía da Cova  
Rubén Pérez Añón | Socio da Adega Ponte da Boga.
- 12:45-13:30 **Mesa redonda.**  
Moderador: Juan Carlos Vázquez Abal | Técnico da Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía (EEVE)
- 13:30-14:30 **Cata de viños rosados.**

## OBXECTIVOS

Segundo un informe da Organización Internacional de la Viña y el Vino (OIV), o consumo de viño rosado experimentou un incremento do 20% dende o ano 2002 a nivel global. A previsión para os próximos anos contempla que os viños rosados aumenten a súa demanda en torno ao 7%, fronte aos brancos e tintos que o farán sobre o 4%. A demanda deste tipo de viños estase dando

especialmente nos mercados exteriores. Trátase de viños máis versátiles e cunha penetración máis doada nos consumidores mozos. As grandes empresas que se dedican ao sector vitivinícola comezan a apostar fortemente por ese tipo de viño.

Por todo isto a Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía (EEVE), centro dependente da EVEGA, está a desenvolver dende a colleita 2016 unha experiencia con viños rosados. A finalidade deste traballo consiste en coñecer o potencial das variedades tintas de cultivo tradicional en Galicia para este tipo de elaboracións, máis polo miúdo no que atinxe ás castes Merenzao, Mouratón, Caiño Tinto, Brancellao, Castañal, Pedral, Sousón, Loureiro Tinto, Espadeiro e Mencía. En Galicia o interese por elaborar rosados vai en aumento, de feito xa hai algunhas adegas que están a apostar por este viños e recentemente o Consello Regulador da DOP Ribeira Sacra modificou o seu prego de condicións, coa finalidade de amparar este tipo de producións. Co gallo de poñer en valor e divulgar as experiencias realizadas coas castes estudadas, así como coñecer a situación xeral noutras zonas de maior tradición, propónse esta actividade de transferencia ao sector vitivinícola galego.

Os obxectivos da xornada que se presenta son:

- Coñecer polo miúdo as características dos viños rosados
- Aprender da experiencia de Navarra como territorio de referencia neste tipo de elaboracións.
- Presentar os resultados das experiencias desenvolvidas por EVEGA con distintas castes tintas galegas.
- Coñecer as elaboracións de viños rosados que se están a desenvolver neste momento en Galicia, con especial fincapé nos amparados polo Consello Regulador da DOP Ribeira Sacra.

## DESTINATARIOS

Viticultores, adegueiros, enólogos, persoal técnico das adegas e dos consellos reguladores e persoal investigador interesado no tema. Con especial fincapé ás mulleres e mozos/as agricultores/adegueiros en activo. Público interesado en xeral.

## INSCRICIÓN

Número de prazas: 100

Data de inscrición: ata o día 8 de abril de 2019